

Dan Brown

O símbolo perdido

Traducción de Carlos Acevedo, Fernando Moreiras
e Eva Almazán

Título orixinal inglés:

The Lost Symbol

© Dan Brown, 2009

Reservados todos os dereitos

Queda totalmente prohibido, sen autorización escrita dos titulares do «copyright», baixo sancións establecidas nas leis, reproducir total ou parcialmente esta obra por calquera medio ou procedemento, comprendidos a reprografía e o tratamento informático, así como fornecer exemplares dela mediante aluguer ou préstamo públicos.

Primeira edición: outubro de 2009.

© da tradución: Carlos Acevedo, Eva Almazán e Fernando Moreiras, 2009

© desta edición: Grup Editorial 62, S.L.U., 2009

El Aleph Editores,

Peu de la Creu, 4, 08001 Barcelona

correu@grup62.com

grup62.com

Víctor Igual • fotocomposición

Límpgraf S.L. • impresión

Depósito legal: B-39.926-2009

ISBN: 978-84-7669-890-7

PARA BLYTHE

AGRADECEMENTOS




Quero expresar o meu sincero agradecemento a tres queridos amigos cos cales tiven o privilexio de traballar: o meu editor, Jason Kaufman; a miña axente, Heide Lange, e o meu asesor, Michael Rudell. Ademais, tamén quero manifestar a miña inmensa gratitude a Doubleday, aos editores que publican a miña obra por todo o mundo e, por suposto, aos meus lectores.

Esta novela non se podería escribir sen a xenerosa axuda de innumerables persoas que compartiron os seus coñecementos e experiencias. Chegue a todos vós o meu sincero agradecemento.

O SÍMBOLO PERDIDO

Vivir no mundo sen tomar consciencia do seu significado
é coma pasear por unha gran biblioteca sen tocar os libros.

As ensinanzas segredas de todos os tempos
Manly P. Hall





FEITOS:

En 1991 depositouse un documento na caixa forte do director da CIA. O documento aínda hoxe segue alí. O seu texto críptico contén referencias a un antigo portal e a un lugar subterráneo descoñecido. O documento tamén contén a frase «Está soterrado nalgures.»

Todas as organizacións mencionadas nesta novela existen: os francmasóns, o Colexio Invisible, a Oficina de Seguridade, o Smithsonian Museum Support Center —Centro de Recursos do Museo Smithsoniano (CRMS)— e o Instituto de Ciencias Noéticas.

Todos os rituais, datos científicos, obras de arte e monumentos que aparecen nesta novela son reais.



PRÓLOGO

CASA DO TEMPLO

20.33 h

O segredo está en como morrer.

Desde o comezo dos tempos, o segredo sempre foi como morrer.

O iniciado de trinta e catro anos de idade mirou para a caveira que tiña entre as palmas das mans. Estaba oca, coma unha cunca, chea de viño tinto.

«Bebe —dixo para si—. Non tes nada que temer.»

De acordo coa tradición, comezara aquel tránsito engalanado coa vestimenta ritual propia do herexe medieval que é conducido á forca, coa camisa solta e aberta para revelar o peito pálido, a perneira esquerda do pantalón refucida ata o xeonllo e a manga dereita tamén recollida ata o cóbado. Arredor do pescozo levaba unha pesada corda, a soga, que é como lle chamaban os irmáns. Mais aquela noite, igual ca os outros irmáns testemuñas, levaba a vestimenta de mestre.

Os irmáns que o arrodeaban ían engalanados con todos os atributos: mandil de pel de cordeiro, faixa e luvas brancas. No pescozo levaban xoias cerimoniais que brillaban coma ollos fantasmais no medio daquela tenue luz. Moitos daqueles homes gozaban de cargos con moito poder nas súas vidas, mais os iniciados ben sabían que aqueles privilexios mundanos non significaban nada entre aquelas catro paredes. Alí todos eran iguais, eran irmáns por xuramento, unidos por un vínculo místico.

Mentres observaba aquela imponente xuntanza, o iniciado

preguntábase se habería alguén no mundo exterior que puidese imaxinar semellante reunión... e moito menos nun lugar coma aquel. A sala parecía un santuario da antigüidade.

Mais a cousa era aínda máis estraña.

«Se só estou a unhas cantas rúas da Casa Branca.»

Aquel colosal edificio, situado no número 1733 da Rúa 16 do barrio Noroeste, en Washington DC, era réplica dun templo precristián, o templo do rei Mausolo, o mausoleo orixinal... un lugar para ocupar despois da morte. No exterior da entrada principal, dúas esfinxes de dezasete toneladas gardaban as portas de bronce. O interior era un labirinto ricamente decorado con salas para rituais, salóns, criptas cerradas, bibliotecas e mesmo unha falsa parede que agochaba os restos de dous cadáveres humanos. Ao iniciado díxéranlle que todas as salas daquel edificio contiñan algún segredo, pero era consciente de que ningunha delas gardaba segredos máis ocultos ca aquela cámara enorme onde estaba axeonllado e cunha caveira entre as mans.

«A Sala do Templo.»

A cavernosa sala era un cadrado perfecto. O teito alzábase a unha altura de 30 metros, sostido sobre unhas columnas monolíticas de granito verde. Todo arredor da sala había unha galería bancada con asentos de nogueira rusa forrados con coiro de porco. Na parede oeste erguíase un trono de trinta e tres pés de altura, cun órgano oculto en fronte. As paredes eran un calidoscopio de símbolos antigos... exipcios, hebreos, astronómicos, alquímicos e outros descoñecidos.

Aquela noite a Sala do Templo estaba iluminada cunha serie de candeas dispostas con precisión. A súa feble luz só recibía a axuda dun pálido raio de luar que se filtraba pola ampla lumieira da cúpula e iluminaba a parte máis impresionante da sala: un enorme altar labrado nun bloque de mármore negro belga, situado xusto no medio da cámara cadrada.

«O segredo está en como morrer», lembrou para si o iniciado.

—Chegou a hora —murmurou unha voz.

O iniciado percorreu coa vista de abaixo a arriba a distinguida túnica branca que se lle presentara diante. O Venerable Mestre

Supremo. O home, de cincuenta e tantos anos, era un ídolo americano, estimado, forte e infinitamente rico. O pelo negro xa lle comezaba a branquear e o seu famoso rostro reflectía toda unha vida de poder e unha grande intelixencia.

—Pronuncia o xuramento —dixo o Venerable Mestre, cunha vociña lixeira coma as folerpas de neve—. Termina o tránsito.

O tránsito do iniciado, coma todos, comezara co primeiro grao. Naquela noite, nun ritual semellante, o Venerable Mestre tapáralle os ollos cunha capucha de veludo e puxéralle a daga cerimonial contra o peito espido mentres lle preguntaba:

—Declaras solemnemente pola túa honra, sen deixarte levar por intereses mercenarios nin por outros motivos indignos, que te ofreces libre e voluntariamente como candidato aos misterios e privilexios desta irmandade?

—Si —mentira o iniciado.

—Daquela, sirva isto de aguillón para a túa conciencia —advertira o Mestre— así como de causa de morte inmediata no caso de revelares os segredos que che serán confiados.

Naquel momento, o iniciado non tivera medo. «Xamais sabrán o meu verdadeiro propósito.»

Así e todo, esa noite sentía unha solemnidade premonitoria na Sala do Templo, e na súa mente volveron reproducirse todas as advertencias que lle fixeran durante o tránsito, ameazas terribles se algunha vez revelaba os antigos segredos que estaba a piques de descubrir: «Que me corten a gorxa de orella a orella... me arrinquen a lingua de raíz... me saquen as entrañas e mas queimen... espalladas aos catro ventos... me arrinquen o corazón e llelo dean ás bestas do monte para comer...».

—Irmán —dixo o Mestre de ollos grises mentres pousaba a man esquerda sobre o ombro do iniciado—. Recita o xuramento final.

Collendo folgos para dar o último paso do tránsito, o iniciado moveu toda a súa musculatura e devolveu a atención á caveira que tiña entre as mans. O viño tinto parecía case negro coa leve luz das candeas. A cámara quedara nun silencio mortal e sentía como todas as testemuñas o observaban, á espera de el facer o xuramento final e unirse á elite.

«Esta noite —pensou— entre estas paredes vai suceder algo que xamais acontecera na historia desta irmandade. Xamais, en séculos.»

Sabía que aquilo sería a chispa... e que lle proporcionaría un poder inconmensurable. Revitalizado, suspirou e pronunciou en voz alta as mesmas palabras que innumerables homes pronunciarian antes ca el en países de todo o mundo.

—Sexa veneno mortal este viño que agora bebo... se algunha vez quebranto o meu xuramento de maneira consciente ou voluntaria.

As palabras resoaron naquel espazo baleiro.

E todo quedou en silencio.

Coas mans firmes, o iniciado alzou a caveira ata a boca e sentiu como os labios tocaban no óso. Pechou os ollos, inclinouna contra a boca e bebeu o viño dando uns longos grolos. Ao rematar baixou a caveira.

Por un momento pensou que os pulmóns se lle enchían e que o corazón lle empezaba a latexar con forza. «Meu Deus, xa o saben!» E entón, o sentimento marchou tan rápido como chegara.

Unha agradable calor percorreulle o corpo. O iniciado exhalou, sorrindo para si mentres miraba ao home de ollos grises que tan insensatamente o admitira no grao máis secreto da irmandade.

«Logo has de perder todo aquilo que máis queres.»

I

O ascensor Otis subía polo piar sur da torre Eiffel cargado de turistas. Dentro da cabina ateigada de xente, un austero home de negocios, ben vestido de traxe, mirou para o rapaz que tiña ao lado.

—Tes mala cara, rapaz. Debiches quedar abaixo.

—Estou ben... —respondeu o rapaz esforzándose por controlar a ansiedade—. Vou baixar no próximo andar.

«Non podo respirar.»

O home achegóuselle máis.

—Pensaba que a estas alturas xa o terías dominado.

Acariñoulle a meixela ao rapaz.

O rapaz avergonzouse por decepcionar o pai, mais case non daba escoitado co zunido dos oídos. «Non respiro. Teño que saír desta gaiola!»

O ascensorista ía dicindo algo tranquilizador sobre os pistóns articulados do ascensor e a súa construción en ferro pudelado. Alá abaixo, as rúas de París espallábanse en todas as direccións.

«Xa case estamos —dixo para si o rapaz estirando o pescozo e mirando para a plataforma de baixada—. Aguanta un pouco.»

Segundo o ascensor viraba abruptamente cara ao miradoiro de arriba, o piar comezou a estreitarse, cos seus macizos puntais contraéndose nun apertado túnel vertical.

—Papá, creo que non...

De súpeto resoou un renxido intermitente no alto. O ascensor sacudiuse e desprazouse non sen dificultade cara a un lado. Uns cables gastados comezaron a bater contra a gaiola, coma se fosen serpes. O rapaz tendeu a man ao pai.

—Papá!

Os ollos de ambos quedaron cravados durante un terrible segundo.

Entón o piso soltouse.

Robert Langdon sobresaltouse no seu asento de suave coiro ao saír abruptamente daquel soño semiinconsciente. Estaba el só na cabina dun Falcon 2000EX privado que avanzaba aos botes polo medio das turbulencias. De fondo, os motores duais Pratt & Whitney ruxían serenamente.

—Señor Langdon? —soou o intercomunicador desde o alto—. Xa estamos na aproximación final.

Langdon endereitouse e volveu meter as notas para a conferencia na carteira de coiro. Estaba a revisar a simboloxía masónica cando quedara trasposto. Sospeitaba que o soño co seu defunto pai fora propiciado pola inesperada invitación que lle fixera Peter Solomon, o seu antigo mentor.

«O outro home a quen xamais quereda decepcionar.»

Aquel filántropo, historiador e científico de cincuenta e oito anos acollera a Langdon baixo a súa protección trinta anos antes, e enchera de moitas maneiras o baleiro que deixara a morte do pai. A pesar da influente liñaxe e a gran riqueza, Langdon sempre encontrara humildade e cariño nos doces ollos grises de Solomon.

Por fóra da xanela xa se puxera o sol, mais Langdon aínda podía distinguir a esvelta silueta do obelisco máis alto do mundo erixíndose sobre o horizonte, coma se fose a agulla dun antigo gnomon. Aquel obelisco recuberto de mármore, cos seus case 170 metros de altura, sinalaba o corazón do país. Arredor daquela agulla, irradiábase a meticulosa xeometría de rúas e monumentos.

Mesmo desde o aire, Washington DC emitía un poder case místico.

A Langdon encantáballe aquela cidade; cando o avión aterrou, encheuse de entusiasmo polo que tiña por diante. A aeronave rodou ata unha terminal privada do enorme aeroporto internacional de Dulles e detívose.

Langdon recolleu as súas pertenzas, deulles as grazas aos pilotos e saíu do luxoso avión pola escaleira. O aire frío de xaneiro era liberador.

«Respira, Robert», pensou, agradecendo o espazo aberto.

Pola pista de aterraxe avanzaba unha manta de néboa branca e Langdon tivo a sensación de que se metía nunha braña ao baixar ao chan.

—Ola! Ola! —unha voz con acento británico berroulle desde o outro lado da pista—. Profesor Langdon?

Langdon alzou a vista e descubriu unha muller de mediana idade, cun pase de identificación e un suxeitapapeis, que viña rapidamente cara a el acenando alegremente segundo se achegaba. Do seu elegante sombreiro de punto sobresaíalle o pelo rizo e louro.

—Benvido a Washington, señor!

Langdon sorriu.

—Grazas.

—Eu son Pam, de atención aos pasaxeiros. —A muller falaba cun entusiasmo que case resultaba enervante—. Se quere acompañarme, cabaleiro, ten o coche á espera.

Langdon seguiuna a través da pista cara á terminal VIP, rodeada de relucentes avións privados. «Unha parada de taxis para os ricos e famosos.»

—Non quería avergonzalo, profesor —dixo a muller timidamente—, pero vostede é o Robert Langdon que escribe libros sobre símbolos e relixión, non?

Langdon dubidou e finalmente asentiu.

—O que pensaba! —dixo sorrindo—. No meu grupo de lectura limos aquel libro seu sobre o sagrado feminino e a Igrexa! Vaia escándalo que montou! Mire que lle gusta a vostede meter a raposa no galiñeiro!

Langdon sorriu. «Pois non era escándalo o que eu pretendía.»

A muller seica se decatou de que Langdon non estaba de humor para falar das súas obras.

—Desculpe. Sonlle un pouco pesadiña. Sei que xa estará farto de que o recoñezan... pero a culpa é súa. —Sinaloulle a roupa—. O uniforme que leva delátao.

«O meu uniforme?» Langdon mirou para a roupa que levaba posta. Vestía o seu xersei negro de colo alto, a chaqueta Harris, os pantalóns caqui e os mocasíns de cordobán típicos dos universitarios... a vestimenta normal para dar clases, conferencias, fotos promocionais e actos sociais.

A muller botouse a rir.

—Eses xerseis de colo alto están tan pasados de moda... Quedaría moito máis elegante cunha gravata!

«Diso nada —pensou Langdon—, nada de sogas.»

Langdon tivera que pór a gravata seis días á semana cando ía á Phillips Exeter Academy, e malia as románticas argumentacións do director sobre a orixe da gravata nas *fascalia* de seda dos oradores romanos para quentaren as cordas vocais, Langdon sabía que, etimoloxicamente, *gravata* derivaba dos feroces mercenarios croatas que se ataviaban cuns panos no pescozo antes de entraren en batalla. Actualmente, aquela antiga vestimenta de guerra empregábase nos modernos guerreiros de oficina coa intención de intimidaren os inimigos nas batallas de despachos.

—Grazas polo consello —dixo Langdon rindo—. Terei en conta a gravata no futuro.

Por sorte, un home de aspecto moi profesional vestido cun traxe escuro saíu dun impecable Lincoln que estaba aparcado cerca da terminal e levantou o dedo.

—Señor Langdon? Son Charles, de Beltway Limousine. —Abriulle a porta do pasaxeiro—. Boas noites, cabaleiro. Bemvido a Washington.

Langdon deulle unha propina a Pam pola súa hospitalidade e meteuse no luxoso interior do Lincoln. O chofer mostroulle os controis da calefacción, a auga mineral e a cestiña de mada-lenas quentes. Segundos máis tarde, Langdon xa viaxaba a toda velocidade por unha estrada de acceso privado. «Conque é así como vive esta xente.»

Mentres o chofer conducía a toda velocidade por Windsock Drive, consultou a folla de instrucións e fixo unha chamada.

—Chamo de Beltway Limousine —dixo o condutor con profesionalidade—. Pedíronme confirmación unha vez aterrase o

pasaxeiro. —Fixo unha pausa—. Si, señor. O seu convidado, o señor Langdon, xa chegou; vouno deixar no Capitolio ás 19.00 horas. De nada, señor. —E colgou.

Langdon tivo que sorrir. «Este está en todo.» A atención aos detalles de Peter Solomon era un dos seus mellores activos, cousa que lle permitía xestionar o seu gran poder con aparente facilidade. «Uns poucos miles de millóns no banco non lle fan mal a ninguén.»

Langdon acomodouse naquel luxoso asento de coiro e pechou os ollos mentres o aeroporto desaparecía detrás del. O Capitolio estaba a media hora de camiño e agradeceu aquel tempo en solitario para aclarar as ideas. Aquel día sucedera todo tan rápido que só entón comezara a pensar en serio sobre a increíble velada que tiña por diante.

«Chegada baixo un veo de secretismo», pensou Langdon, entusiasmado ante a perspectiva.

A dezaseis quilómetros do Capitolio, unha figura solitaria preparaba con avidez a chegada de Robert Langdon.

O individuo que se facía chamar Malakh premeu coa punta da agulla na cabeza afeitada, salaiando de gozo mentres aquel obxecto agudo entraba e saía da carne. O zunido leve daquel aparello eléctrico era adictivo... a mordedela da agulla introducíndose a fondo na derme e depositando a tinta.

«Son unha obra de arte.»

O obxectivo das tatuaxes nunca foi a beleza. O obxectivo é a *mudanza*. Desde os sacerdotes nubios escarificados aló polo ano 2000 a. C. ata os seguidores tatuados do culto a Cibeles na antiga Roma ou as marcas *moko* dos actuais maorís, os humanos sempre se tatuaron para ofrecer os seus corpos nun sacrificio parcial, soportando a dor física do adorno e rexurdindo como seres novos.

Malia as graves admonicións do Levítico 19, 28, onde se prohiben as incisións na propia carne, as tatuaxes acabaron sendo un rito de tránsito compartido por millóns de persoas en tempos modernos, desde adolescentes ben vestidos ata os toxicómanos máis marxidados ou as amas de casa dos barrios residenciais.

O acto de tatuar a pel era unha declaración de poder transformadora, un anuncio ao mundo: eu domino a miña carne. O embriagador sentimento de control derivado da transformación física atraera a millóns de persoas a aquelas prácticas de modificación do corpo... cirurxía cosmética, piercing, culturismo, esteroides... mesmo a bulimia e a transexualidade. O espírito humano reclamaba o dominio sobre a súa parte carnal.

Soou unha badalada no reloxo de pé de Malakh, que alzou a